Toda-las persoas que non pertenzan ó edificio, e que no momento de producirse unha Emerxencia Parcial ou unha Emerxencia Xeral esteñan no interior do mesmo, deberán dirixirse ó Punto de Reunión Exterior (P.R.E.), onde existirá unha persoa responsable da Escola que se ocupará de realizar o recento.

1.2. EVACUACIÓN XERAL.

É a evacuación de toda-las persoas que esteñan no edificio, no suposto de producirse unha situación incontrolada que poida afectalo, e incluso á poboación exterior. A Evacuación Xeral somentes pode producirse cunha Emerxencia Xeral.

1.3. OPERATIVIDADE DO PLAN DE EVACUACIÓN.

Para conseguir que o Plan de Emerxencia sexa operativo deberase:

- ❖ Ter asignado o Punto de Reunión Exterior (P.R.E.), sendo divulgado a todo o persoal alleo o edificio no momento de entrar no mesmo, a través dunha folla de tipo informativo con instrucións claras ou, si fora necesario, un pequeno plano do edificio no reverso, onde se sinale o P.R.E. e as vías de acceso a él.
- ❖ Ter sinalizadas toda-las saídas do edificio.
- ❖ Ter asignadas as vías de saída do edificio.
- ❖ Realizar exercicios parciais de concentración do persoal no Punto de Reunión Exterior.



- ❖ Dispoñer, no Centro de Control da Emerxencia (C.C.E.), de planos que permitan identificar as vías de evacuación.

1.4 PROCEDIMIENTO DE EVACUACIÓN XERAL DO EDIFICIO

- A) O Director da Emerxencia ou, na súa ausencia, o seu suplente, decretará a Emerxencia Xeral,
- B) O Responsable do Grupo de Evacuación:
 - Dirixe a evacuación do persoal po-las vías de evacuación asignadas.
 - Realiza un recuento do persoal, avisando ó Xefe de Intervención no caso de faltar algunha persoa asignada ó Punto de Reunión Exterior.
 - Comunica ó Xefe de Intervención o resultado da evacuación.
- C) No caso de faltar algunha persoa, o Xefe de Intervención será o responsable de coordinar as labores de búsqueda e/ou rescate.
- D) O Xefe de Intervención, tras comproba-lo resultado da evacuación, comunicara ó Director da Emerxencia o resultado da mesma e esperará ordes.



1.5. INSTRUCCIONS DE EVACUACIÓN NO CASO DE INCENDIO OU EMERXENCIA PARA O PERSOAL EN XERAL.

- A) A orde de evacuación virá dada po-lo Responsable do Grupo de Evacuación do Edificio.
- B) Conserve a calma, NON BERRE, non se excite innecesariamente, pode cundi-lo PANICO.
- C) Saia inmediatamente, non perda o tempo en recoller obxectos persoais. A súa vida e a dos demais son de maior importancia.
- D) Pechе as portas, cerciorándose de que non haia persoas no interior.
- E) Utilice as vías de evacuación establecidas
- F) Camiñе, NON CORRA, hacia a saída máis próxima.
- G) Non EMPURRE ós demais, xa que a situación de emerxencia acábase de iniciar e dispónse de tempo suficiente para o seu control.
- H) Si EXCEPCIONALMENTE hai fume na vía de evacuación, agáchese e saia reptando, NESTA SITUACIÓN RESPIRARA AIRE FRESCO E OSIXENADO.
- I) Si na saída de emerxencia hai unha línea de persoas ou "cola" en espera, non se impaciente e espere o seu turno cívicamente.
- J) Unha vez na rúa, non se deteña, vaia ó punto de reunión establecido.



ANEXO I

**ORDE DE CHAMADAS DE EMERXENCIA Ó
PERSOAL CLAVE E ÓS ORGANISMOS
OFICIAIS**

(FORMA DE NOTIFICALO)



ANEXO 1
ORDE DE CHAMADAS DE EMERXENCIA Ó PERSOAL CLAVE E ÓS
ORGANISMOS OFICIAIS (FORMA DE NOTIFICALO)

PERSOAL CLAVE

<u>TELEFONOS NO CASO DE EMERXENCIAS</u>		
DIRECTOR	Guillermo Comesaña Casal	986297072/653458738
VICEDIRECTORA	Aurora Sobrino Pérez	986203882/658331211
XEFA ESTUDOS	M^a Elvira Rey Rodríguez	986438602/661958804
XEFA DE ESTUDOS NOCTURNO	M^a Encarnación Rodríguez Feijóo	986281810/649013210
SECRETARIA	Rudesindo Ramos Duarte	986252672/636905592

EMERXENCIA PARCIAL E XERAL
ORGANISMOS OFICIAIS

<u>TELEFONOS NO CASO DE EMERXENCIAS</u>	
<u>BOMBEIROS</u>	<u>080 /986433333</u>
<u>GARDA CIVIL</u>	<u>062/ 986331331</u>



<u>POLICIA LOCAL</u>	<u>620404040/986348019</u>
<u>URXENCIAS</u>	<u>112</u>
<u>CONCELLO</u>	<u>986335000</u>
<u>EMERXENCIAS S.O.S GALICIA</u>	<u>112-900 444 222</u>
<u>INFORMACIÓN TOXICOLOXICA</u>	<u>915620420</u>
<u>CENTRO SAÚDE</u>	<u>986 338 869</u>
<u>PROTECCIÓN CIVIL</u>	<u>696994945</u>

FORMA DE NOTIFICALO

INSTRUCCIONS:

- ❖ Chamar a toda a lista anterior.
- ❖ Si unha chamada non é atendida, non insistir e pasar ó seguinte teléfono,
- ❖ Ó final intentarase de novo contactar co teléfono que non contestou.
- ❖ Para a notificación falar despacio e claramente, e utilizar o seguinte protocolo:

HORA:DATA:.....ENVIADO COMUNICADO Nº:..... REALIZADO POR:..... (1) PARA CALQUERA EXPLICACIÓN, E STRICTAMENTE NECESARIA UTILIZA-LO TELÉFONO.....

Aquí a empresa..... (2)



Temos unha emerxencia.....(3)

Que involucra(4).

os efectos previstos son.....(5)

As medidas de Emerxencia Interior adoptadas e previstas son.....

As medidas de Apoio Exterior necesarias para o control do accidente e a atención dos afectados son

.....

(1) DIRECTOR DA EMERXENCIA.

(2) NOME DA EMPRESA.

(3) PARCIAL OU XERAL.

(4) DESCRIBIR A/AS PARTE/S DO EDIFICIO ONDE OCURRIU O ACCIDENTE, ASI COMO O/OS PRODUCTO/S QUE INTERVEÑEN

(5) DATOS DISPONIBLES SOBRE OS EFECTOS DIRECTOS OU INDIRECTOS, A CORTO, MEDIO OU LONGO PRAZO NA SAUDE, MEDIO AMBIENTE E RECURSOS MATERIAIS.





ANEXO: PRIMEIROS AUXILIOS



DOCUMENTO N° 4 IMPLANTACIÓN DO PLAN

INDICE - DOCUMENTO 4

1. RESPONSABILIDADE DA IMPLANTACIÓN

2. ORGANIZACIÓN DA AUTOPROTECCIÓN

2.1. Responsabilidade da autoprotección

2.2. Equipo de Intervención

3. MANTEMENTO E USO DAS INSTALACIONES



4. MEDIOS HUMANS

- 4.1. Reunións informativas
- 4.2. Preparación dun simulacro de evacuación
- 4.3. Niveis de formación: Capacitación persoal
- 4.4. Dirección
- 4.5. Información a visitantes o personal externo

5. PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN

6. INVESTIGACIÓN DE SINISTROS

- 6.1. Análise de causas e consecuencias
- 6.2. Análise do comportamento
- 6.3. Medidas correctoras
- 6.4. Informe final

7. SIMULACROS DE EMERXENCIA

- 7.1. Especificacións
- 7.2. Clasificación
 - 7.2.1. Simulacros parciais



7.2.2. Simulacros xerais

7.3. Organización e desenvolvemento de simulacros

7.4 Periodicidade

7.5 Consideracións

7.6 Instrucións

8. OBRAS DE REFORMA E MEDIDAS ACONDICIONAMENTO

1. RESPONSABILIDADE DA IMPLANTACIÓN


De acordo coa lexislación vixente, a implantación do Manual de Autoprotección é responsabilidade do titular da actividade.



Todo o persoal do edificio, xa sexan traballadores propios ou que esteñan prestando servizos, están obrigados a participar no Plan, tanto en emerxencias como na prevención de circunstancias ou elementos que poidan desencadearse.

2. ORGANIZACIÓN DA AUTOPROTECCIÓN

ORGANIZACIÓN
DOS EQUIPOS DE
LOITA





2.1. Responsabilidade da autoprotección

É responsabilidade do titular da actividade:

- a) Planifica-las inversións de todo tipo para a mellora da seguridade do edificio.
- b) Revisar periódicamente o Manual.
- c) Planifica-la execución de simulacros.

2.2. Equipo de Intervención

A necesidade de formar un Equipo de Intervención no edificio, parte do principio de que, si non existen persoas que utilicen os equipos e sistemas de seguridade axeitadamente, de nada serven ditas medidas. Estas persoas deben ser seleccionadas, entrenadas e equipadas especialmente para cumprir estas tarefas.

O Equipo de Intervención estará especializado en tarefas concretas, de acordo coas aptitudes e coñecementos persoais.

O número definitivo dos integrantes do Equipo de Intervención determinarase conforme se realicen simulacros de evacuación e emerxencia.

A selección do persoal farase tendo en conta condicións físicas:

- A) Reunir requisitos físicos que non lles fagan ser unha carga para os seus compañeiros.
- B) Estar libres de impedimentos físicos.
- C) Non padecer problemas cardiovasculares ou respiratorios, etc.



e condicións psíquicas:

- A) Estar concienciados da súa misión.
- B) Ter capacidade de aprendizaxe
- C) Actitude positiva.
- D) Capacidade de tomar decisións.



3. MANTEMENTO E USO DAS INSTALACIONES

Os extintores deben someterse cada 5 anos a un retimbrado de presión, efectuado por unha empresa autorizada, e a súa vida útil debe ser de 20 anos, ó remate dos cales deberán ser substituídos por outros novos. As BIE's deberán pasar a revisión establecida, cada cinco anos, por persoal especializado.

Independientemente do antes mencionado, as persoas asignadas revisarán periódicamente de forma visual, o bo estado de ditos medios (extintores, BIE 's) cunha frecuencia segundo se indica no cadro anexo, comunicando calquera deficiencia observada.

Os detectores revisaranse segundo se establece no cadro anexo.

Deberanse sinalizar axeitadamente toda-las vías de evacuación cos carteis normalizados:

A sinalización dos tramos de percorrido de evacuación que conducen a unha saída de emerxencia pode facerse por calquera dos seguintes medios:

- Pictograma P-4 según norma UNE 23-033/1
- Sinal literal S.L.-2

Ademais, para a información das axudas externas, no caso de emerxencia, dispórase dun xogo de planos completo facilitado polo Director da Emerxencia.



OPERACIONES A REALIZAR POR EL PERSONAL ESPECIALIZADO DEL FABRICANTE O INSTALADOR DEL EQUIPO O SISTEMA O POR EL PERSONAL DE LA EMPRESA MANTENEDORA AUTORIZADA			
EQUIPO O SISTEMA	CADA AÑO	OBSERVACIONES	CADA CINCO AÑOS
SISTEMAS AUTOMÁTICOS DE DETECCIÓN Y ALARMA DE INCENDIOS	<ul style="list-style-type: none"> Verificación integral de la instalación. Limpieza del equipo de centrales y accesorios. Verificación de uniones roscadas o soldadas. Limpieza y reglaje de relés. Regulación de tensiones e intensidades. Verificación de los equipos de transmisión de alarma. Prueba final de la instalación con cada fuente de suministro eléctrico. 	Estos sistemas se ajustarán a las Normas UNE 23007/ Partes 1, 2, 4, 5, 5 ^{1ª} modificación, 6, 7, 8, 9, 10 y 14. El mantenimiento detallado se ajustará a la Norma UNE 23007/14. Los detectores de incendio antes de su fabricación o importación han de ser aprobados de acuerdo al artículo 2º del Reglamento de instalaciones de protección contra incendios.	
SISTEMA MANUAL DE ALARMA DE INCENDIOS	<ul style="list-style-type: none"> Verificación integral de la instalación. Limpieza de sus componentes. Verificación de uniones roscadas o soldadas. Prueba final de la instalación con cada fuente de suministro eléctrico. 	Estos sistemas constan de: Pulsadores de alarma, central de control con vigilancia permanente y las fuentes de alimentación eléctrica según la Norma UNE-23007/partes 1, 2 y 4. La distancia desde cualquier punto a los pulsadores será como máximo 25 m.	
EXTINTORES DE INCENDIO	<ul style="list-style-type: none"> Comprobación del peso y presión en su caso. En el caso de extintores de polvo con botellín de gas de impulsión se comprobará el buen estado del agente extintor y el peso y aspecto externo del botellín. Inspección ocular del estado de la manguera, boquilla o lanza, válvulas 	Los extintores deberán cumplir el Reglamento de Aparatos a Presión y su ITC MIE-AP5. Serán aprobados según el Art. 2º del Reglamento de instalaciones de protección contra incendios a efectos de justificar el cumplimiento de la Norma UNE 23010/1, 2, 3, 4, 5 y 6. Serán fácilmente visibles y	A partir de la fecha de timbrado del extintor en su placa de diseño o etiqueta de pruebas de presión (y por tres veces) se retimbrará el extintor de acuerdo con la ITC-MIE AP5 del Reglamento de Aparatos a Presión sobre extintores de incendios (BOE 23.6.1982) y sus modificaciones por Orden 26.10.1983 (BOE



	<p>y partes mecánicas.</p> <p><i>Nota: No será necesaria la apertura de los extintores portátiles de polvo con presión permanente, salvo que se hayan observado anomalías en la revisión. En caso de apertura, se situará en su exterior un sistema indicativo de la revisión interior, p.e. etiqueta indeleble, en forma de anillo en el cuello de la botella antes del cierre del extintor y que no pueda ser retirada sin destrucción o deterioro.</i></p>	<p>accesibles. Estarán próximos a puntos con riesgo de incendios y a las salidas. Su instalación será preferentemente en paramentos verticales, con la parte superior, como máximo a 1,70 m del suelo.</p>	<p>7.11.1983), Orden 31.5.1985 (BOE 20.6.1985), Orden 15.11.1989 (BOE 28.11.1989) y Orden 10.3.1998 (BOE 28.4.1998, rect. 5.6.1998). El detalle de las operaciones está indicado en la Norma UNE 23120 Mantenimiento de extintores portátiles contra incendios.</p>
<p>BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS (BIE)</p>	<ul style="list-style-type: none"> Desmontaje de la manguera y ensayo de ésta en lugar adecuado. Comprobación del correcto funcionamiento de la boquilla en sus distintas posiciones y del sistema de cierre. Comprobación de la estanquidad de los racores y manguera y estado de las juntas. Comprobación de la indicación del manómetro con otro de referencia (patrón) acoplado en el racor de conexión de la manguera. 	<p>Las BIE están constituidas por: Una fuente de abastecimiento de agua, la red de tuberías, y las BIE's necesarias. El centro deberá situarse como máximo a 1,5 m de altura y a ser posible a una distancia máxima de 5 m de las salidas. Separación máxima de 50 m entre dos BIE's, y no exceder 25 m de cualquier punto protegido. Deberán ser aprobadas según lo indicado en el Art. 2º del Reglamento de instalaciones de protección contra incendios y las Normas UNE-EN 671-1 y UNE-EN 671-2. Podrán ser de dos tamaños: BIE 45 mm y BIE 25 mm según el nivel de riesgo.</p>	<p>La manguera debe ser sometida a una presión de prueba de 15 kg/cm².</p>
<p>SISTEMAS FIJOS DE EXTINCIÓN: Rociadores de agua. Agua pulverizada. Polvo. Espuma y anhídrido carbónico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Comprobación integral, de acuerdo con las instrucciones del fabricante o instalador, incluyendo en todo caso: <ul style="list-style-type: none"> Verificación de los componentes del sistema, especialmente los dispositivos de disparo y alarma. Comprobación de la carga de agente extintor y del indicador de la misma (medida alternativa del peso o presión). Comprobación del estado del agente extintor. Prueba de la instalación en las condiciones de su recepción. 	<p>Los rociadores automáticos de agua seguirán las Normas UNE 23590 y UNE 23595/1, 2 y 3. Los sistemas de extinción de agua pulverizada seguirán las Normas UNE 23501, UNE 23502, UNE 23503, UNE 23504, UNE 23505, UNE 23506 y UNE 23507. Los sistemas de extinción de espuma física de baja expansión se ajustarán a las Normas UNE 23521, UNE 23522, UNE 23523, UNE 23524, UNE 23525 y UNE 23526. Los sistemas de extinción con polvo, deberán ajustarse a las Normas UNE-23541, UNE-23542, UNE-23543 y UNE-23544. Los sistemas de extinción con agentes gaseosos serán sólo utilizables cuando quede garantizada previamente la seguridad o la evacuación del personal. El mecanismo de disparo será accionado de forma automática o manual e incluirá un retardo en su acción y un sistema de</p>	



		prealarma.	
ABASTECIMIENTO DE AGUA CONTRA INCENDIOS	<ul style="list-style-type: none"> • Programa de mantenimiento anual de motores y bombas de acuerdo con las instrucciones del fabricante. • Limpieza de filtros y elementos de retención de suciedad en la alimentación de agua. • Prueba del estado de carga de baterías y electrolito de acuerdo con las instrucciones del fabricante. • Prueba, en las condiciones de su recepción, con realización de curvas del abastecimiento con cada fuente de agua y de energía. 	El sistema de abastecimiento de agua contra incendios se ajustará a la Norma UNE 2350	

4. MEDIOS HUMANS

4.1. Reunións informativas

Toda-las persoas que interveñen nas diversas actividades do edificio, poden verse involucradas nunha situación de emerxencia, e po-lo tanto deben ser informadas con anterioridade de:

- Qué deben facer
- Qué no deben facer
- Cómo deben facelo

co fin de lograr a maior rapidez posible na evacuación do edificio.

Por esta razón, celebráronse e celebraranse reunións informativas sobre o Manual de Autoprotección, ás que asisten o persoal empregado que está afectado po-lo Plan de Emerxencia, cada vez que se revisa o Manual por:

- novos riscos
- novas instrucións ou consignas de seguridade
- introducción ou instalación de novas instalacións ou sistemas de



seguridade

4.2. Preparación dun exercicio ou simulacro de evacuación

Estas reunións informativas teñen ademais outra misión, que é a de fomentar a integración dos empregados no Plan de Emerxencia do edificio, ó sentirse partícipes da súa elaboración, motivo que facilitará o seu cumprimento posterior.

Nas reunións informativas, entrégase ó persoal un folleto coas Consignas Xerais de Autoprotección e está programada a entrega das Consignas Particulares que sexan de aplicación en cada caso, en razón das circunstancias que concurren no seu correspondente posto de traballo, ou po-la sua pertenza ó Equipo de Intervención.

4.3. Niveis de formación: Capacitación persoal

O persoal do Edificio, deberá recibir cursos de formación xeral en materia de loita contraincendios e Plans de Emerxencia (Evacuación) así mesmo existe un compromiso formal por parte da Escola en garantir o reciclado e a formación permanente dos seus traballadores. De este xeito, o persoal do Escola recibirá unha formación especializada en materia de seguridade contra os riscos potenciais e ameazas tanto internas como externas, derivados das actividades fundamentais que teñen lugar no edificio.

4.4. Reciclado e formación permanente

O persoal de novo ingreso, e aqueles que no seu momento non tiveran asistido á formación inicial, deben realizar un novo Curso de Formación.

O persoal dos diversos Grupos debe asistir ós cursos que se celebren, para intercambiar coñecementos, sobre outras materias distintas ás requiridas para o Grupo ó que pertencen.

4.5. Información a visitantes ou persoal externo



A información ó persoal e visitantes do edificio preséntase e difúndese da seguinte maneira, en función da situación, xa sexa en condicións de normalidade ou en caso de emerxencia.

- En situación de normalidade:
 - Sinais de seguridade: indicadores da situación dos medios de intervención e alarma contraincendios, así como as de indicación das saídas de emerxencia e medios para evacuación.
 - Fichas con consignas sobre actuacións de prevención de riscos e comportamento a seguir no caso de emerxencia/incendio.
 - Planos de ubicación de medios de autoprotección
 - Planos de vías/saídas de socorro.
- Información en caso de emerxencia:
 - Responsable da Información: O Director da Emerxencia a través do C.C.E. do edificio.

5. PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN

A continuación detállanse as actividades a realizar:

- 1) Inventario dos factores que inflúen sobre o risco potencial: Realizarase anualmente e actualizarase sempre que se realiza algunha modificación que poida afectarlle.
- 2) Inventario dos medios técnicos de protección: Realizarase anualmente.
- 3) Relación de medios humanos: Actualizarase sempre que se realiza algunha modificación que poida afectarlle (alta ou baixa).
- 4) Confección de planos: Realizaranse sempre que se modifique algún elemento estrutural ou se alteren as disposicións/dotacións dos medios de protección, ou se modifiquen as vías de evacuación.



- 5) Redacción do Manual de Autoprotección e Plans de Actuación: Anualmente revisarase o manual, e adaptaranse e incorporaranse as correccións necesarias, en función das alteracións que se tiveran efectuado, e da experiencia adquirida (por emerxencias reais ou nos exercicios/simulacros periódicos realizados).
- 6) Incorporación de medios técnicos: Sempre que sexa necesario por calquera circunstancia, incorporaranse os medios técnicos necesarios.
- 7) Redacción de consignas ou normas para o persoal: Revisaranse anualmente ou no caso de alteración das instalacións do edificio.
- 8) Redacción de consignas ou normas para compoñentes dos distintos grupos de emerxencia (EPI's, ESI's, E.E.): Revisaranse anualmente.
- 9) Reunións informativas.

6. INVESTIGACIÓN DE SINISTROS

A efectos do presente Manual de Autoprotección, entenderase por "SINISTRO" calquer incidente que se tivera producido, en relación cos aspectos da seguridade das persoas ou dos bens, calquera que sexa o alcance ou a extensión dos danos materiais ou humanos que houbera.

A existencia de todo accidente será comunicado á Director.

En accidentes con lesión requirirase a atención nun Centro Hospitalario.

6.1. Análise de causas e consecuencias

A análise das causas dos accidentes e das súas consecuencias, levarase a cabo seguindo un método operativo normalizado recollido nun impreso establecido ó



efecto, que impida as lagoas do proceso deductivo, e que permita ademais a elaboración de estadísticas fiables, que sirvan de base a estudos posteriores.

A persoa que emita o informe cubrirá os datos xerais do mesmo.

Todo accidente ou incidente será investigado inicialmente po-lo mando directo da persoa accidentada (accidente laboral) ou do equipo afectado (incidente).

O Centro Médico será o encargado de confeccionar a parte do informe correspondente ós datos médicos do traballador que sufriu o accidente, con ou sen baixa, sempre que houbera que efectuarlle unha cura ou revisión ó traballador.

Cando o accidente/incidente se produza fora de horas normais de traballo, corresponderá a emisión do informe ó mando existente nas instalacións, debendo facilita-lo servizo médico os datos do traballador/es accidentados, ós que se lles houbera que evacuar ou efectuarlles algún tipo de cura.

Será responsabilidade do mando, tanto si se encontraba presente no momento de producirse o accidente ou incidente, como si non o estaba, o recopilar toda a información posible co fin de reconstruí-la situación que existía cando ocorreu o accidente/incidente, debendo contemplar todo-os aspectos: técnicos, humanos e de organización.

Para recopilar dita información deberá ser obxectivo, e non facer xuízos de valor prematuros, debendo auxiliarse de testigos oculares do accidente ou incidente, e do propio accidentado.

O mando, en base á súa experiencia e a análise das causas, deberá propoñer as accións correctoras a adoptar, para evitar nun futuro, accidentes similares.

A última parte do informe deberá cubrila a Director, quen fará unha descrición das accións correctoras aprobadas, en base ás suxeridas po-lo mando, podendo propoñer a éste, outras non consideradas no informe, e que poideran ter unha maior efectividade na acción preventiva.

Será responsabilidade da Director, a avaliación do informe de accidentes/incidentes, dándoo por correcto ou esixir unha revisión do mesmo si a puntuación obtida na avaliación non é suficiente.

A investigación inicial debe completarse nun máximo de 2 días laborables, posteriores ó do accidente.



O informe a complementar é o que se indica no anexo II, tendo copia do mesmo:

- Director.
- Mando.
- Accidentado.

e o terá a disposición das Autoridades competentes, ás que teña que informar oficialmente e ás que se interesen po-lo tema particular de que se trate.

6.2. Análise do comportamento

A análise anteriormente citada, das causas e consecuencias, complementarase con outra sobre o comportamento das persoas e dos equipos, que investigue si o incidente foi debido a fallos no comportamento de:

- As instalacións:
 - Por sabotaxe ou acto vandálico
 - Por deficiente mantemento
- As persoas:
 - os traballadores de plantilla do I.E.S RIBEIRA DO LOURO
 - os traballadores de empresas contratistas do I.E.S RIBEIRA DO LOURO
 - os visitantes e clientes

6.3. Medidas correctoras

Tras efectua-las análises anteriores de causas, consecuencias e comportamentos, estudaranse as medidas a adoptar para evitar estes incidentes, entre as cales podemos mencionar:



- mellora-la política de mantemento
- aumenta-los niveis de información, formación, coñecementos técnicos e prácticos.

6.4. Informe final

O informe final, elaborárase de xeito que recolla todo-los aspectos indicados nos puntos anteriores, os cales conterán os datos elaborados, de maneira tal que poidan ser presentados en forma de taboas, cadros ou gráficos, e acompañados de esquemas, planos de situación, etc.

7. SIMULACROS DE EMERXENCIA

7.1. Especificacións



Os simulacros de emerxencia terán as seguintes características:

- Partir dunha situación de emerxencia predeterminada.
- Comproba-la funcionalidade do Plan completo ou parte do mesmo.
- Comproba-lo grao de formación e capacitación do persoal do edificio.
- Comproba-lo grao de mantemento das instalacións.
- Comprobar tempos de resposta.
- Concienciar ós traballadores en temas relacionados coas emerxencias e evacuacións.

7.2. Clasificación

Os simulacros poden ser de varios tipos:

- Simulacros parciais.
- Simulacros xerais.

7.2.1. Simulacros parciais

Son aqueles que afectan únicamente a un equipo ou instalación:

Levaranse a cabo con ocasión de entrenamentos dos Grupos no suposto de:

- Incendio en instalacións técnicas

7.2.2. Simulacros xerais



Son aqueles que afectan ó conxunto das distintas áreas que compoñen o edificio.

Levaranse a cabo unha vez ó año como mínimo, planificándose axeitadamente.

7.3. Organización e desenvolvemento de simulacros

Deberase establecer a periodicidade dos exercicios, co obxecto de que se obteñan vivencias e experiencias en toda clase de horario, presenza de persoal e circunstancias especiais que poden rodear unha emerxencia.

En función dos resultados, diminuír o grao de información que se lles aporta ós traballadores, ata realizalos sin previo aviso, de xeito que as actuacións previstas, se desenvolven case de maneira automática.

7.4. Periodicidade

Realizaranse simulacros con periodicidade anual en xornada normal. Na data de elaboración do presente Manual está planificada a realización dun simulacro durante o presente ano.

7.5 Consideracións sobre o simulacro

Ainda que a hipótese que se considera para este exercicio de evacuación non coincide exactamente coas condicións dun caso real de incendio, explosión, catástrofe, etc. que nos indicarían a estratexia de evacuación oportuna, con esta experiencia o que se pretende é obter uns resultados que axuden a detectar as principais insuficiencias do edificio, así como definir as medidas correctivas particulares para cada edificio ós efectos de evacuación.

O simulacro deberá realizarse na situación de máxima ocupación do edificio ou edificios que integren o centro, na súa actividade escolar, así como na disposición normal do mobiliario, pero sin que os alumnos sexan avisados nin do día nin da hora do exercicio. Os profesores, que recibirán con anterioridade as instrucións oportunas para a planificación do caso práctico, tampouco deben coñecer nin o día nin a hora; o que será determinado polo director do centro baixo o seu criterio.



Aconséllase que este exercicio se leve a cabo sin contar coa colaboración exterior (Urxencias Médicas, Bombeiros, Protección Civil, etc), xa que se trata dun simple exercicio escolar, sin causa real de emerxencia.



7.5 Instruccións

Instruccións para o profesorado

- A dirección do centro designará un coordinador xeral, que asumirá a responsabilidade total do simulacro e coordinará toda-las operacións. Designarase un suplente.
- Nomearase para cada planta, un coordinador que se responsabilizará da planta, así como de controlar o tempo de evacuación total da planta, e o número de alumnos desaloxados.
- Con anterioridade ó día do simulacro reuniranse todo-os profesores cos coordinadores, co fin de elaborar o plan a seguir, de acordo coas características arquitectónicas do edificio, e prever toda-las incidencias e zonas exteriores de concentración de alumnos. e saídas a empregar.
- Xa que hai que atravesar a estrada, tomaranse precaucións en canto ó tráfico, po-lo que se debe informar ás autoridades.
- Igualmente designarase unha persoa para cada saída, e outra situada no exterior do edificio, que controlará o tempo total de evacuación.
- Cada profesor responsabilizarase de controlar os movementos dos alumnos ó seu cargo, de acordo coas instruccións do coordinador de planta.
- O profesorado, na súa aula, organizará a estratexia a seguir, encargando pechar as fiestras , contar ós compañeiros, controlar que non se leven obxectos persoais.
- Cando se desaloxe a aula, o profesor comprobará que non queda ninguén e pechará a porta.
- Designarase unha persoa, que despois de dar o sinal de alarma mediante un sinal sonoro, desconecte as instalacións de gas, electricidade, auga e gasóleo.
- Designarase unha persoa encargada da evacuación das persoas diminuídas físicas.
- Con antelación informarse ós pais acerca do exercicio con obxecto de evitar alarmas de pánico, pero sin precisar o día nin a hora.
- Igualmente, e con varios días de antelación, comunicarse ós alumnos os obxectivos do exercicio así como as instruccións a seguir.



- Para a evacuación ordenada das plantas, comenazarase po-la máis baixa e simultaneamente as superiores pero sin baixar ás inferiores, ata que esteñan desaloxadas.
- Dentro de cada planta sairán primeiro as mais próximas ás escaleiras.
- Non se utilizarán saídas que non sexan as notificadas anteriormente, tales como fiestras.
- Non se utilizarán ascensores nin se abrirán fiestras nin portas, para evitar correntes de ar.
- O persoal do centro debe manter a tranquilidade, para evitar transmitir nervosismo ós alumnos.
- Finalizado o exercicio, o equipo coordinador inspeccionará o edificio para detectar as anomalías e destrozos.
- Despois do simulacro, celebrarase unha reunión do profesorado, para comentar o exercicio, despois da cal o director redactará o informe correspondente, segundo modelo que se adxunta. Dito informe se remitirá á Delegación Provincial correspondente, tra-lo estudo po-lo Consello escolar.



Instrucións para o alumnado

- Cada grupo de clase actuará baixo as indicacións do seu profesor, e nunca baixo as iniciativas propias.



- Os alumnos non recollerán obxectos persoais, có fin de evitar obstáculos e demoras.
- O alumno que se atope no aseo dirixirase á súa aula.
- Todo-los movementos serán rápidos e ordenados, sen empurrar ós demais.
- Ningún alumno se deterá fronte as portas de saída.
- Axudarase ós que caian e respetarase o mobiliario escolar.
- Si hai un obxecto interrompindo o paso, quitarase para evitar caídas.
- En ningún caso o alumno volverá atrás, sexa cal sexa o pretexto.

INFORME SIMULACRO DE EMERXENCIA



CENTRO	
LOCALIDADE	
CIDADE	
EDIFICIO	
NIVEIS EDUCATIVOS	
NÚMERO TOTAL DE ALUMNOS	
DATA DE REALIZACIÓN	

- **1. VIAS EXISTENTES DE EVACUACIÓN**
- Indicar si foron suficientes no desaloxo do edificio
- Identifica-las zonas de estrangulamento do fluxo de evacuación
- Identifica-los obstáculos nas vías de evacuación
- **2.COMPROBACIÓN DO SISTEMA DE ALARMA**
- Explicar si resultou axeitado para proceder con orden e sen sobresaltos
- Facer referencia ás luces de emerxencia e escaleiras.
- Informar si foi posible corta-los suministros de auga, gasoleo, gas e electricidade.
- **3.GRAO DE INSTRUCCIONS Ó ALUMNADO E PROFESORADO**
- Informar acerca do uso dos medios de emerxencia
- Informar de si foi coñecido o plan e en qué grao
- Informar do comportamento do alumnado.
- **4.TEMPOS REAIS DE REACCIÓN E EVACUACIÓN**



- Contabiliza-los tempos totais do centro e de cada planta, e o número de alumnos evacuados.
- 5.CONCLUSIONS PEDÁGOXICAS DA EXPERIENCIA. BALANZO DO SIMULACRO.
- 6.DIFICULTADES QUE PRESENTOU O PLAN
- 7.MELLORAS NO EDIFICIO PARA FACILITA-LAS ACTUACIONES NO CASO DE EMERXENCIA
- 8.MEDIOS QUE SE BOTARON EN FALTA
- 9.OUTRAS OBSERVATIONS

..... DE DE 200....

O Director do I.E.S RIBEIRA DO LOURO



8. OBRAS DE REFORMA E MEDIDAS DE ACONDICIONAMENTO DO I.E.S RIBEIRA DO LOURO (A CORUÑA).

De acordo cos resultados obtidos na avaliación do risco realizada do edificio e cumprindo a normativa aplicable a este tipo de edificios, pasamos a enumerar as deficiencias e posibles melloras a realizar para conquistar unha correcta autoprotección das persoas que o empregan:

- ❖ Instalar extintores de CO₂ nas aulas de Informática, laboratorios, Biblioteca e conserxería (cadro eléctrico xeral).
- ❖ Colocar a sinalización de evacuación axeitada ás vías de evacuación trazadas nos planos e os letreiros das saídas de emerxencia. (Norma UNE 23034).Art 12.1 NBE-CPI/96
- ❖ Colocar a sinalización dos medios de extinción de utilización manual (extintores e BIE´S). (Norma UNE 23033).Art 12.2 NBE-CPI/96.
- ❖ A sala de caldeiras debe substituír os extintores móbiles por dos extintores automáticos para



caldeiras.

- ❖ As portas das saídas de emerxencia nunca estarán pechadas con chave.
- ❖ Colocar un cadro de corte eléctrico nas Aulas de Informática (Aula 23, Biblioteca),que non dispoñen del para evitar calquera risco de incendio, e un letreiro que indique que se debe baixar o interruptor xeral.



- ❖ Os edificios dedicados a uso docente cuxa superficie total construída esté comprendida entre 1000 e 5000 m² deberán contar cunha instalación de alarma. Art.20.5 NBE-CPI/96
- ❖ O Hidrante encontrase en mal estado con a tapa rota, se debe revisar o seu funcionamento e ter a disposición da persona responsable a chave da porta traseira para entrada doas vehículos contra incendios.



- ❖ A porta traseira de acceso o recinto escolar debería estar aberta tanto para unha posible evacuación como para o acceso de vehículos de emergencia.





- ❖ Débese evitar a presenza de coches na porta de entrada ó recinto escolar, xa que obstaculiza a acceso dos camións de bombeiros e a evacuación dos ocupantes do edificio.

- ❖ As escaleiras de midan máis de ancho deben de pasamáns.(Art.



evacuación que
1.20 metros de
ter dous
9 NBE-CPI96)

- ❖ Colocar armario ignífugo (có letreiro en vermello "USO EXCLUSIVO BOMBEROS" no cristal) cos Planos do I.E.S RIBEIRA DO LOURO na entrada do Centro, na parte exterior.
- ❖ Informar e formar a todo o persoal (alumnos, profesores e P.A.S) sobre as vías de evacuación e manexo de medios de extinción (extintores e B.I.E.' S).
- ❖ Tamén sería conveniente a realización por parte do profesorado dalgún Curso de Primeiros Auxilios para atender ós feridos.
- ❖ Realizar non menos dun Simulacro de Incendios ó ano para comprobar se as medidas anteriormente citadas son axeitadas.



- ❖ E, resumindo, concienciar a todos os ocupantes, da importancia da Autoprotección, tanto para a súa seguridade como a dos seus semellantes.

O Porriño, 9 de Xuño de 2008

Asdo: Francisco J. Rivas Cid

Técnico Superior Prevención Riesgos Laborales N° 426 acreditado por la Xunta de Galicia

Especialista en Seguridad en el Trabajo

Especialista en Higiene Industrial

Especialista en Ergonomía y Psicosociología aplicada

Ingeniero Técnico Colegiado n° 1019

ANEXO:

FICHAS I.N.S.H.T. PARA DIVULGACIÓN AOS ALUMNOS, PROFESORES E P.A.S.

